

ANUNCIO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA NO NADAL 2025/2026.

A Alcaldía ditou a resolución con número 856/2025 o día 22-12-2025, que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA NO NADAL 2025/2026.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000927

ANTECEDENTES:

Logo de ver o disposto no artigo 8 da Orde de 23/10/2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020), segundo o cal corresponderá aos concellos segundo o disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Logo de ver o disposto no artigo 9 da citada Orde segundo a cal:

“Artigo 9. Ampliacións de horarios

- 1. Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*
- 2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*
- 3. A efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos os incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos os incluídos, e polo Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos os incluídos.*
- 4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, **en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche** dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*
- 5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: autorizar a seguinte ampliación de horario aos establecementos hostaleiros nas noites do:

- 24 ao 25 de decembro de 2025: 1 hora
- 31 de decembro de 2025 ao 1 de xaneiro de 2026: 2 horas
- 5 ao 6 de xaneiro de 2026: 1 hora

SEGUNDO: publicar a presente resolución no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, luns 22 de decembro de 2025. Asdo: O alcalde en funcións / Xosé

Igrexas García. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / María Pardo Quintana.”

O que se publica para os efectos oportunos

Concello de Melide, luns 22 de decembro de 2025

O alcalde en funcións, Xosé Igrexas García